

Crac: mauvais sang

Oriana Méndez

Forma de citación recomendada

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MÉNDEZ, ORIANA (2012). “*Crac: mauvais sang*”. Texto lido na presentación en Santiago de Compostela do libro de Gonzalo Hermo *Crac* (18 de xaneiro de 2012, Biblioteca Ánxel Casal). Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1820>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 8 de febreiro de 2012 a partir do arquivo facilitado pola autora.

CRAC: MAUVAIS SANG

Oriana Méndez

Europa agasallounos consigo mesma –Occidente, Fausto, Erasmo de Rotterdam, Bonaparte...– coa única condición de quedarmos para sempre co seu reverso. En silencio, narcotizados, na nosa man había quedar o reverso de Europa e coidalo, coidar a miseria, a colonia, a autoridade, coidar da nosa perfecta posición de servos no imperio foinos encomendado. Converternos en vixiantes da nosa propia subalternidade non deu, aínda así, froitos no que se refire á literatura desta parte do mundo: escribimos en galego desde Rosalía e dos Estados sempre roubamos o que nos interesou. Declarar o roubo é xa falar dunha conciencia da subalternidade, dun plan que vén posiblemente trazado desde comezos do século XX cando os homes da Xeración Nós se introducían nos textos estranxeiros e se entusiasmaban na súa tradución e todo iso rexido por un lema que podería ser o seguinte: coñecer a alta cultura para producir a nosa. Pódese dicir que entre nós bule un coñecemento profundo sobre a xustiza como debeu bulir tamén en Alxeria ou en Burkina Faso, de maneira que soubemos espelirnos, mentres o canon non contaba con que unha comunidade presa posúe todo o tempo para construír unha saída. Gonzalo Hermo segue entón o ronsel iniciado por algúns poetas que escribiron desde un aquí concreto e consciente, mirando aos ollos a quen tivese a valentía de manterlle a mirada. Podemos estar falando, por exemplo, de Manuel Antonio. E tamén falamos de Arthur Rimbaud, cando Arthur Rimbaud databa entre abril e agosto de 1873 *Unha estación no inferno*, o libro no que se inclúe o poema “Mal sangue”, título que escollín para introducir esta presentación, porque a irremediable liberdade do francés vidente lle permitiu despezar os cimentos da súa propia, e central, civilización. A liberdade e a videncia, que son, na miña opinión, os trazos definitivos de calquera maneira de poesía, acompañan ambos os dous novísimos poetas e con eles o mal sangue que é a fortaleza para revirárense e entón volvérense aínda máis libres, debedores de nada.

O autor galego sitúase, entón, nun territorio herdado carente da historiografía do poder, mutilado e pertinaz: Atlántico Norte, Hiroshima, Auschwitz, deserto de Acra, “o teu ollo europeo quedou ancorado no eco dun son aborixe”. Non podemos asegurar que levou ao poeta a non querer concibir un escenario que borrara a memoria, a lingua materna, pero quizais os seus ollos e entendemento agudísimos sexan quen lle obriguen a escribir coñecedor deste estado de excepción. Di Hermo: “a poesía é un estado de excepción”. Desde aí fala para nós, contra nós. É un territorio sementado de desafío, de interrogantes, onde, en versos do autor: “E vimos de repente revirarse contra nós as nosas armas // apuntarnos / á caluga”.

Crac é a visión ao límite, unha mirada tensa e oblicua por debaixo das edificacións imperiais –grandes bulevares, pontes, magnificencia sobre os ríos de Centroeuropa, arcos do triunfo, columnas– que desasosega o pensamento do lector a medida que avanza sobre o poema e observa entón o solo do imperio sendo ocupado polas outras, pola ferida, polos idiomas que se vingan e extirpan da metrópole o corazón. Di *Crac*: “Por iso / levarei a dor orixinaria do meu pobo até Acra / para borrar a memoria do agoiro mentres cae a coroa / e que o deserto nos grafe”. A poesía de Hermo está condenada a activar os mecanismos máis ocultos das nosas conciencias e así ela tamén, ao mesmo tempo, a poesía de Hermo, condenada no seu talento a espir a beleza onde estaba previsto o desprezo. Os versos de *Crac* alteránnos a orde, énchenos de desconcerto, elevan e aceleran as nosas capacidades, reverteren a norma transformando algúns paradigmas da devastación en diamantes: Ganga, Erika, Marguerite son na man de Hermo nada máis que planetas e nos nosos ollos nada máis que o seu brillo dándolle a volta á lóxica do Poder. Un libro que é un só alento porque alberga dentro de si a mellor das virtudes, ao meu ver, do que se pronuncia nun alento: fala sen reiterarse, non cesa, non hai tempo para baixar do estado de tensión. Desde a voz que nos advirte a súa certeza de ter sido atada de pernas e brazos, no comezo, ata a caída definitiva da coroa que pecha o libro, os textos todos interaccionan entre si coma placas tectónicas provocando as grandes cadeas montañosas do noso mundo e así a totalidade dos sentidos deste libro enfróntanse, relaciónanse e medran facendo avanzar a nosa conmoción.

O poeta declara os nomes propios das súas referencias literarias na última páxina escrita por el mesmo, antes dunha breve biografía e doutra tamén breve nota sobre o libro a xeito de contracapa. Dedicar as últimas palabras do libro propio a outros nomes -grandes autores da narrativa, da poesía e da dramaturxia europeas- pon de manifesto, coa discreción e a elegancia que o poeta acostuma, unha xenerosidade implícita na súa escrita: non hai temor á comparación ou á relación, vai por diante o discurso que Hermo continúa. Mentres, Elfriede Jelinek, Marguerite Duras, Paul Celan e Heiner Müller son tamén unha declaración de intencións. O noso poeta camiña con eles nunha certa exhibición de lirismo trasposto, anticlánico ou marcadamente violento. Di Müller: “Lasco a miña carne selada. Quero repousar nas miñas veas, na medula dos meus ósos, no labirinto do meu cranio”. Pero Hermo rompe en 2011 o océano co ronsel da súa propia palabra, que é exenta e valente. Cos seus versos desveláanse as máscaras do Poder, e non se desvelan: dinamítanse coa introdución do perigo. Segundo a cita que abre o libro: “A primeira forma de esperanza é o medo”. E o poeta vai identificando o que é pánico para a normalidade, colocándoo con precisión en cada verso, sen que se note, de novo, con discreción e precisión cirúrxica, coloca o desasosego, ponlle medo ao verso burgués e así irrompe diante dos nosos ollos a xogada mestra que é *Crac*, arrasando as trabes da norma.

Un crac, “un golpe seco”, unha mancha de ollos neste libro dispóñense a cegarnos e todos dirixidos polo alento fulminante de Gonzalo Hermo, que é capaz de introducirnos nesta travesía polo inferno, acompañándonos ata o final e, entón, ceibándonos, nós Orfeo viraremos os ollos e coñeceremos por sempre que tal cousa inferno xamais existiu.